

**Acordo do 13 de setembro de 2018, do Tribunal do proceso de selección do posto de Coordinador da Unidade Territorial Norte de Xestur, S.A., polo que se concede prazo aos aspirantes seleccionados para emendar erros ou presentar documentación complementaria.**

De conformidade coas bases reguladoras do proceso de selección para o posto de coordinador da unidade norte de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., publicadas na páxina web: [www.xesturgalicia.com](http://www.xesturgalicia.com), as que fai referencia o anuncio de convocatoria publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 82, do 27 de abril de 2018, o tribunal de selección constituído a tal a efecto o día 13 de setembro de 2018, entre outros puntos da orde do día, **ACORDOU:**

**A concesión de prazo aos aspirantes para emendar erros ou presentar documentación complementaria, se procedera.**

Unha vez revisada a documentación presentada polos aspirantes, o Tribunal constatou que nalgúns casos, os aspirantes non acreditan a experiencia laboral nos ámbitos ou sectores especificados nas bases da convocatoria cos documentos correspondentes (contratos, certificacións de vida laboral, certificados de empresas ou entidades, documentación acreditativa de ter realizado funcións de dirección e coordinación de equipos, a representación efectiva, etc.)

Co obxecto de que os aspirantes poidan aportar a documentación complementaria ou rectificatoria para acreditar os extremos antes indicados, e a fin de poder avaliar adecuadamente os méritos alegados, o Tribunal acorda, por unanimidade, conceder un prazo de **10 días hábiles** (descontando sábados, domingos e festivos), contados desde o seguinte ao da publicación na páxina web da sociedade, que terminará o vindeiro día 1 de outubro de 2018 ás 14.00 h., para presentar a documentación antes referida e que se especifica no seguinte anexo .

Igualmente se acorda publicar o presente acordo no taboleiro de Xestur Galicia.

En Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Diego Jorreto Díaz  
Presidente do tribunal

**ANEXO**

Nome e apelidos	DNI	Motivo da emenda
Luis Baldó Macia	*****976K	Falta acreditar, na súa totalidade, o tempo de duración do cargo de Xerente das UTES que se alegan nos méritos aportados polo interesado.
José Luis Rey Hermida,	*****813H	Falta acreditar a experiencia laboral nos ámbitos ou sectores especificados nas bases da convocatoria cos documentos correspondentes (informe de vida laboral) e especificando e acreditando, no seu caso, a representación efectiva, e dicir, o apoderamento ou representación das entidades nas que desempeñaba as actividades alegadas. Asemade, falta a acreditación do dominio da lingua inglesa alegada polo interesado mediante a presentación da documentación especificada nas bases da convocatoria

Begoña Martínez Conde	*****613S	<p>Falta acreditar, no seu caso, se realizaba funcións de dirección e coordinación de equipos, con representación efectiva da sociedade fronte a terceiros, nas actividades alegadas como socio profesional da SLP citada pola interesada.</p> <p>Asemade, falta acreditar os mesmos extremos antes indicados nas actividades desenvolvidas na marca "Forum Urbanístico" así como o correspondente certificado de tarefas realizadas.</p>
Antonio Rodríguez Rodríguez	*****186R	<p>O interesado alega experiencia laboral que comprende actividades no ámbito do sector público e privado, sendo necesario a acreditación de aspectos concretos das actividades alegadas, de conformidade coas bases da convocatoria, a fin de poder valorar adecuadamente os méritos que se alegan, en consecuencia o interesado deberá acreditar:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Na experiencia alegada como xefe de servizo nas distintas Administracións, que as actividades desempeñadas comprendían a representación efectiva, é dicir, apoderamento ou representación fronte a terceiros da Administración onde desempeñaba as devanditas funcións de xefe de servizo. Igualmente, deberá acreditar que todas estas xefaturas de servizo teñen relación cos ámbitos ou sectores especificados nas bases da convocatoria.</li> <li>2. Na experiencia alegada no sector privado que: <ol style="list-style-type: none"> <li>a) No desempeño de ditas actividades exerceu funcións de dirección e coordinación de equipos, con representación efectiva, e dicir, con apoderamento ou representación fronte a terceiros das entidades nas que desempeñaba as actividades alegadas.</li> <li>b) Deberá acreditar, ademais, o tempo de duración das tarefas desempeñadas.</li> <li>c) Deberá acreditar os períodos de tempo concretos en que desempeñou as actividades antes indicadas, así como, no seu caso, a correspondente autorización de compatibilidade para o exercicio das mesmas por parte da Administración respectiva.</li> </ol> </li> </ol>